

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 3 de abril de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 03/04/2024
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 03/04/2024
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Anexos complementarios das modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía
- V. Solicitude de Axuda para a Organización de Olimpíadas do Saber na Universidade de Vigo no ano 2024
- VI. Memoria económica do ano 2023
- VII. Orzamento para o ano 2024.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria do 20 de decembro 2023.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minascenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, do Anexo complementario requirido para as modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía, relativo á formación básica vinculada ao Ámbito de Coñecemento das Titulacións.**

A Directora lembra que na sesión ordinaria celebrada o 4 de decembro de 2023 foron aprobadas as modificacións non substanciais das dúas titulacións de grao consistentes na adscrición das mesmas ao ámbito “*Ingeniería química, ingeniería de los materiales e ingeniería del medio natural*”, o máis próximo dos recollidos no Anexo I do RD822/2021.

Continuando co proceso, é necesario adscribir polo menos a metade dos créditos de formación básica ao devandito ámbito.

A continuación amosa os Anexos Complementarios (ANEXO IV), explica as dúas opcións dispoñibles e propón elixir a primeira opción para as dúas titulacións, a cal consiste en vincular ao ámbito de coñecemento da titulación a totalidade dos créditos de formación básica. Aclara que os documentos xa foron validados pola Comisión de Calidade na súa sesión do 2 de abril e sinala que o principal efecto sería de cara ao recoñecemento das materias de formación básica.

A Xunta de centro aproba por asentimento os Anexos Complementarios para as modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía.

4. Aprobación, se procede, da solicitude para presentar á convocatoria de “Axudas para a Organización de Olimpíadas do Saber na Universidade de Vigo no ano 2024”.

A Directora sinala que o 7 de febreiro a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo volveu ser a sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa XV edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “*Sociedad Geológica Española*” e a AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”), estando a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía implicada activamente no seu desenvolvemento desde o ano 2011.

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria habilita todos os anos unha convocatoria de axudas para a realización deste tipo de actividades, polo que se propón solicitar a axuda, solicitude que ten que ser aprobada en Xunta de Escola o Comisión Permanente. Presenta o impreso de solicitude (ANEXO V) no que se recolle tamén a memoria xustificativa da actividade desenvolvida.

Apróbase por asentimento a solicitude da axuda.

5. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2023.

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, quen comenta a memoria económica (Anexo VI) e sinala que os principais cambios efectuados sobre o orzamento inicial, que se deberon á necesidade de asumir os gastos extra derivados da reparación dos danos por entrada de auga en diferentes partes do edificio.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento e o traballo de xestión da execución do orzamento do ano 2023. Agradece tamén a Mayka Romo o seu traballo na execución do orzamento anual do centro.

6. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2024.

A Directora indica que o orzamento do ano 2024 é similar ao dos últimos anos; amosa o documento (Anexo VII) e sinala un erro detectado na versión achegada aos membros da Xunta de Centro: na páxina 3 do documento enviado, onde di “*No ejercicio 2024 o orzamento inicial asignado á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ascende a un total de 61.703€*”

(*Cadro III*), ten que dicir “*No exercicio 2024 o orzamento inicial asignado á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ascende a un total de 62.653€ (Cadro III)*”. Finalmente comenta os principais apartados do orzamento.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

8. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a tres de abril de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 03/04/2024

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 03/04/2024

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 03/04/2024

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Araújo Fernández, María
3. Arias Sánchez, Pedro
4. Conde Fontenla, Marcos
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Diez Ferrer, José Bienvenido
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. García Bastante, Fernando
9. García Lomba, Guillermo
10. Giráldez Pérez, Eduardo
11. González Rodríguez, Elena
12. Guitián Saco, M^a Beatriz
13. Pérez Orozco, Raquel
14. Pérez Pérez, M^a Carmen
15. Pozo Antonio, José Santiago
16. Rivas Brea, Teresa

Alumnado

17. Alonso Pérez, Carmen
18. Marzana Gómez, Alejandro
19. Salgado Díaz, Mateo

Persoal de Administración e Servizos

20. García Caurel, Jesús
21. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Liz Marzán, Eduardo
- Patiño Vilas, David
- Pazo Rodríguez, María
- Rico Fuentes, Juan Jesús
- Rodríguez Rodríguez, Ana María
- Vázquez Dorrió, José Benito
- Vijande López, Javier

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Anexos complementarios das modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía

ANEXO V

Solicitud de Axuda para a Organización de Olimpíadas do
Saber na Universidade de Vigo no ano 2024

ANEXO VI

Memoria económica do ano 2023

ANEXO VII

Orzamento para o ano 2024